

PRESENTACIÓN

O Concello de Carballo, dentro do proxecto Fórum Carballo, creou este portal de internet no que se ofrece todo tipo de información relacionada co mundo da empresa, dos emprendedores, das oportunidades de negocio, da formación, da creación de emprego,... Traballando na busca de modelos de negocio sostibles, fomentando a innovación e a competitividade do sector produtivo.

Este espazo web conta ademais cunha zona interactiva denominada **Fórum 2.0** na que expertos e representantes de colectivos estarán en contacto coa comunidade de usuarios, ofrecerán información e responderán ás preguntas que formulen aqueles internautas rexistrados no portal.

O módulo Fórum 2.0 combina a funcionalidade xeral dun apartado xenérico de FAQ¹ (preguntas frecuentes) no que se xeran preguntas e respostas sobre un tema en particular, coa interactividade e participación do usuario na plataforma. Neste sentido, todos os usuarios poderán ler as preguntas e respostas na mesma web segundo vaian xurdindo no intercambio de ideas. Non obstante, só os usuarios rexistrados poderán ademais enviar novas preguntas, valorar respostas ou responder ás preguntas xa publicadas.

Todas as preguntas contestadas pasan a un historial ou “repositorio” no que se outra persoa formula a mesma cuestión, poderá buscala de forma automática desde o arquivo de FAQ.

Fórum 2.0 busca, á fin, ser un punto de encontro entre as persoas con inquietudes ou interese en crear empresa ou mellorar a súa formación ou coñecementos sobre un tema e aquelas entidades que, no marco de Carballo e da bisbarra de Bergantiños, lles poden ofrecer distintas alternativas e información ao respecto.

¹ FAQ, acrónimo do inglés Frequently Asked Questions. En español, aínda que menos utilizado, existe o acrónimo PUF, de Preguntas de Uso Frecuente.



fórumcarballo

forumcarballo.com
info@forumcarballo.com

FUNCIONAMIENTO

Registro no sistema

Os usuarios que desexen participar en Fórum 2.0 deben rexistrarse previamente no portal.

Registro de usuario

Formulario de registro de usuario

Usuario: *
Nome de usuario

Contrasinal: *

Repetir contrasinal: *

E-mail: *
info@forumcarballo.com

Lin e acepto as [condicións de uso](#)

Enviar

Ao clicar sobre o apartado **REXÍSTRATE** do módulo Fórum 2.0, na pantalla amosarase un formulario. Cubra os campos como se indica. Aqueles marcados con asterisco (*) son obrigatorios polo que mentres permanezan baleiros, o sistema non lle permitirá enviar o formulario.

Campos do formulario:

- **Usuario***: insira o nome que vostede elixa e que o identificará en Fórum 2.0.
- **Contrasinal***: insira un contrasinal. Para maior seguridade, elixa unha serie combinada de números e de letras.
- **Repetir contrasinal***: repita o contrasinal. Se non coincide coa inserida en primeiro lugar, o sistema indicarllo cunha mensaxe de erro cando envíe o formulario.
- **Email***: introduza o seu email de contacto. Nesta dirección recibirá unha mensaxe recordatorio coas súas claves de usuario.
- **Aceptar as condicións de uso**: marque a casilla para completar o proceso de inscrición. Pode ler o texto de **Condicións de uso** facendo clic sobre a ligazón correspondente.
- **Enviar**: se o proceso se completou correctamente, aparecerá na pantalla unha ventá emerxente de aviso coa mensaxe "Envíouse un correo cos seus datos de usuario". Faga clic no botón OK para pechala. Revise a súa caixa de correo de entrada para comprobar a recepción da mensaxe. En caso de non ver a mensaxe vaia á carpeta de spam/correo non desexado e se aínda si non a localiza, pónase en contacto con Fórum Carballo no email info@forumcarballo.com.



fórumcarballo

forumcarballo.com
info@forumcarballo.com

Iniciar sesión

Acceda ao apartado **INICIAR SESIÓN** na aplicación Fórum 2.0 e introduza as súas claves de acceso no formulario que aparece en pantalla (ver figura).

Se esqueceu o seu contrasinal, faga clic no enlace **Esqueceches o teu contrasinal?** e cubra o formulario que aparece en pantalla: insira a súa clave de usuario, o seu correo electrónico de contacto e prema **Enviar**. Unha segunda alternativa é revisar a mensaxe enviada automaticamente á súa caixa de correo polo sistema cando se deu de alta a primeira vez.

Inicio de sesión

Inicio de sesión

Usuario: *

Contrasinal: *

Enviar

Esqueceches o teu contrasinal?

Se opta pola primeira opción, de forma inmediata, o sistema enviará ao seu buzón de entrada un email recordatorio. Revise a carpeta de spam/correo non desexado se a mensaxe non aparece no seu buzón de entrada.

Formulario para recordar contrasinal

Recordar password

Indique a súa clave de usuario e dirección de correo electrónico de contacto para enviarlle o seu contrasinal de acceso a Fórum Carballo.

* Se a mensaxe non aparece na súa caixa de correo de entrada, revise a carpeta de spam.

Formulario para recordar contrasinal

Usuario: *

E-mail: *

Enviar

Envío de correo

En breve recibirá o seu novo contrasinal na conta de correo que nos indicou

OK

Identificación de sesión, cambio de email de contacto e contrasinal, ampliación dos datos de usuario



Tras inserir as súas claves de acceso, poderá identificar que a súa sesión está activa porque na parte superior do módulo Fórum 2.0 amosaranse as ligazóns **PERFIL / PECHAR SESIÓN**.

Acceda ao apartado **PERFIL** se desexa modificar os seus datos de contacto. Na pantalla verá un formulario (ver figura) co seu nome de usuario, tendo opción de modificar o seu contrasinal e correo electrónico de contacto (campos obrigatorios).

Ver ficha de usuario

Formulario de registro de usuario

Usuario:*

Contrasinal anterior:

Novo contrasinal:

Repetir contrasinal:*

E-mail:*

Nome completo:

Enderezo:

Poboación:

Teléfono:

Enviar

Ademais, poderá completar outros datos de identificación como o seu nome completo, enderezo postal e teléfono. Estes últimos non son datos obrigatorios.

O único campo que non poderá modificar é o de **USUARIO** para evitar posibles duplicidades con outros membros do sistema xa rexistrados.

Prema no botón **Enviar** para gardar no sistema calquera cambio feito na súa ficha de usuario.

Pechar sesión




Faga clic sobre a ligazón **PECHAR SESIÓN** no módulo Fórum 2.0 para abandonar a actividade no foro. Utilizando esta opción evita que posteriores usuarios dun mesmo ordenador continúen navegando coa súa sesión.

Interacción: buscar, preguntar, valorar respuestas e formular novas preguntas

Os usuarios rexistrados poderán realizar preguntas, achegar respostas ás preguntas xa resoltas, valorar o seu contido; e formular novas preguntas.

Buscar preguntas (FAQ's)

Antes de realizar unha pregunta, pode comprobar se algún usuario xa formulou a súa mesma dúbida ao foro de expertos facendo unha busca temática por áreas (1), ou ben por palabras clave (2) e activando a continuación a busca no sistema clicando sobre a icona da lupa (ver figuras). Todos os usuarios, independentemente de que estean rexistrados ou non no sistema poden utilizar o buscador, así como revisar as **Últimas preguntas/respostas** e as **Respostas + valoradas** que irán aparecendo no módulo Fórum 2.0 segundo discurra a actividade.



Realizar preguntas


Busque o nome do experto ao que lle queira realizar a pregunta clicando sobre a pestana **Expertos** ou visualizando na parte dereita da pantalla a lista completa de colaboradores facendo clic sobre **Ver todos os expertos**.



Clique na ligazón **Preguntar** e aparecerá en pantalla un formulario no que inserir o contido da súa pregunta. O seu nome de usuario amosarase por defecto e non o poderá modificar.

A continuación, elixa a categoría/ área á que queira vincular a pregunta no menú despregable e cubra os campos Asunto (*) e Texto da pregunta (*). Estes dous últimos son obrigatorios (indícase cun asterisco (*)); se non os cobre, ao **Enviar** a pregunta o sistema emitirá unha mensaxe de aviso e non lle permitirá finalizar o proceso.

No caso contrario, se cubriu correctamente todos os campos, ao **Enviar** a pregunta aparecerá unha ventá emerxente co aviso "A pregunta enviouse correctamente" (ver figuras).



The image shows two screenshots from the Fórum Carballo interface. On the left is the 'Formulario de creación de pregunta' (Question creation form). It contains the following fields: 'Usuario: *' (text input), 'Categoría pregunta:' (dropdown menu with 'Área Orientación Laboral' selected), 'Asunto: *' (text input), and 'Texto da pregunta: *' (text area). A green 'Enviar' button is at the bottom right. On the right is a confirmation dialog box titled 'Creación de pregunta' with the message 'A pregunta creouse correctamente.' and an 'OK' button. Above the dialog box, a red-bordered box contains the text: 'O asunto é un campo obrigatorio' and 'O texto da pregunta é un campo obrigatorio'.

As preguntas enviadas polos usuarios gardaranse no sistema e será o experto ao que se dirixiran o encargado de decidir se o seu contido é interesante e/ou informativo para publicalas no módulo Fórum 2.0 e responderlas.

Non se aceptarán preguntas con contido alleo aos obxectivos do proxecto Fórum Carballo, que non sexan respectuosas e teñan matices difamatorios ou insultantes. As preguntas que incumpran estas normas non serán aceptadas.

Os expertos que colaboran en Fórum Carballo comprométese a responder aos usuarios que formulasen preguntas no prazo máis breve posible, sempre dependendo da complexidade da elaboración do contido.

Os usuarios deberán revisar a súa conta en Fórum 2.0 para comprobar se a súa pregunta foi respondida.



fórumcarballo

forumcarballo.com
info@forumcarballo.com

Valorar respostas

O usuario poderá valorar/votar con entre 1 e 5 puntos (simbolizados con estrelas) a relevancia, interese ou idoneidade da resposta dada a unha pregunta polo experto. O único que debe facer é marcar a puntuación que considere equivalente ao contido da resposta. Só se poderá votar unha vez por día.

Así mesmo, a cada un dos expertos outorgaráselle unha puntuación calculada automaticamente polo sistema en base á media aritmética obtida de entre todas as puntuacións dadas ás súas intervencións en Fórum 2.0 (ver figuras)



Formular novas preguntas ou responder ao experto

Se o experto non declarou como finalizada unha pregunta (mensaxe que se amosará na web), o usuario poderá encadear á pregunta/resposta inicial unha nova pregunta ou resposta que se gardará no sistema automaticamente.

Igualmente, será o experto da área elixida o encargado de atender e responder a pregunta/reposta recibida e decidir se se publica na web xunto cunha nova resposta.